

# Informe sobre o Índice de Producción Industrial

Periodo de referencia: novembro de 2024

Data de publicación: 10/01/2025

## ÍNDICE

Principais resultados .....	2
Índice xeral e por destino económico dos bens .....	2
Índices por ramas de actividade .....	3
Índices por comunidades autónomas .....	3
Evolución do índice .....	4
Notas metodolóxicas .....	5
Anexo cadros .....	6

---

## 1. Principais resultados


- O Índice de produción industrial (IPI) rexistrou en novembro de 2024 unha caída do 7,1 % con respecto a novembro de 2023; en España diminuíu o 3,4 %.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 3,7 % e os bens intermedios diminuíron un 4,8 %, mentres que os bens de equipo aumentaron un 6,7 %. Pola súa parte, a enerxía retrocedeu un 27 %.
- Por ramas de actividade, as achegas positivas máis destacables corresponden a: *Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques* que achega 2,7 puntos e *Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.* que suma 0,3 puntos.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: *Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado* que resta 7,3 puntos e *Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento* cunha repercusión de -0,8 puntos.

### Índice de produción industrial (IPI). Novembro de 2024

Táboa 1. Taxa de variación interanual e no que vai de ano

	Índice	Taxa interanual	Taxa no que vai de ano
Xeral	106,4	-7,1	1,4
Bens de consumo	96,3	-3,7	5,2
Bens de equipo	138,3	6,7	-0,2
Bens intermedios	83,8	-4,8	-1,6
Energía	101,6	-27,0	3,0

### Achegas á taxa de variación do índice xeral



## 2. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) rexistrou en novembro de 2024 unha caída do 7,1 % con respecto a novembro de 2023; en España diminuíu o 3,4 %.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan unha caída do 3,7 %, e achegan -0,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 6,7 %, o que suma 2,2 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** diminúen un 4,8 %, cunha repercusión negativa de 0,9 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 27 % e resta 7,6 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos poden consultarse no cadro 1 do anexo.

### 3. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o descenso interanual do 7,1% débese principalmente á achega negativa de 17 ramas.

Entre as ramas con achegas negativas (-10,9 puntos) destacan:

- **Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado**, cunha taxa interanual do -29,6% e que resta 7,3 puntos.
- **Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento** cun decrecemento do 9,9%, resta 0,8 puntos.
- **Industria da alimentación** que baixa un 3,8% e resta 0,5 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás achegas positivas (3,8 puntos) as principais ramas foron:


- **Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques**, aumenta un 17,4% e suma 2,7 puntos.
- **Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.** cunha taxa do 8,3% e suma 0,3 puntos.
- **Outras industrias extractivas** que medra un 16,6% e achega 0,2 puntos á taxa interanual.

### 4. Índices por comunidades autónomas

O IPI diminuíu en 12 comunidades autónomas neste mes de novembro. Os maiores descensos presentáronse en Cantabria (-10,4%), Castilla y León (-9,3%) e Galicia (-7,1%). Pola contra, os maiores incrementos rexistráronse en La Rioja (6,6%) e Murcia (4,2%).


## IPI. Novembro de 2024

Taxas de variación en %



## 5. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.

**IPI. Taxas de variación interanual (%). Ciclo-tendencia**


## 6. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

## 7. Anexo cadros

### Cadro1. Índice de producción industrial. Novembro de 2024

#### Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	106,4	-7,1	1,4		
Bens de consumo	96,3	-3,7	5,2	-0,7	1,2
Bens de equipo	138,3	6,7	-0,2	2,2	-0,1
Bens intermedios	83,8	-4,8	-1,6	-0,9	-0,3
Energía	101,6	-27,0	3,0	-7,6	0,7

#### España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	103,9	-3,4	0,5		
Bens de consumo	106,6	-2,8	2,1	-0,7	0,5
Bens de equipo	121,1	-5,7	-0,6	-1,5	-0,1
Bens intermedios	95,7	-2,3	0,8	-0,7	0,2
Energía	94,6	-2,9	-1,1	-0,5	-0,2

Fonte:INE

**Cadro2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Novembro de 2024**

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión no que vai de ano	Ponderación
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-29,6	-7,3	1,6	0,3	19,4
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-9,9	-0,8	-2,8	-0,2	8,6
Industria da alimentación	-3,8	-0,5	1,4	0,2	14,9
Fabricación de bebidas	-12,6	-0,4	13,6	0,6	3,8
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-12,1	-0,4	0,0	0,0	4,6
Fabricación doutro material de transporte	-14,3	-0,3	4,1	0,1	1,9
Industria téxtil	-35,1	-0,2	-14,5	-0,1	0,8
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-8,5	-0,2	-11,9	-0,4	3,2
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-22,9	-0,1	-13,3	-0,1	1,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-6,2	-0,1	0,3	0,0	2,3
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-2,8	-0,1	-2,1	-0,1	5,1
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-9,1	-0,1	-3,0	0,0	0,8
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-11,1	-0,1	-1,1	0,0	0,5
Industria do papel	2,1	0,0	11,7	0,1	1,2
Industria química	0,3	0,0	-0,9	0,0	1,9
Fabricación de mobles	1,4	0,0	-1,0	0,0	1,3
Outras industrias manufactureiras	15,9	0,1	8,9	0,1	0,7
Outras industrias extractivas	16,6	0,2	6,6	0,1	1,1
Confección de roupa de vestir	13,6	0,2	11,5	0,2	1,8
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	3,9	0,2	4,6	0,2	4,8
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	8,3	0,3	15,2	0,5	2,8
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	17,4	2,7	-4,5	-0,7	13,3

Fonte:INE

*Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais*

**Cadro3. IPI por Comunidades Autónomas. Galicia. Novembro de 2024**

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
España	103,92	-3,4	0,5
Andalucía	99,78	0,3	-2,5
Aragón	115,44	-2,1	1,9
Asturias, Principado de	96,89	0,8	-2,3
Balears, Illes	97,87	-2,6	-4,7
Canarias	116,57	-4,3	1,6
Cantabria	89,04	-10,4	-4,4
Castilla y León	105,44	-9,3	4,5
Castilla - La Mancha	107,29	-4,3	-0,6
Cataluña	105,01	-2,4	3,4
Comunitat Valenciana	90,60	-5,7	-3,6
Extremadura	97,10	-6,1	-0,2
Galicia	106,38	-7,1	1,4
Madrid, Comunidad de	115,23	-3,9	-1,1
Murcia, Región de	101,58	4,2	1,2
Navarra, Comunidad Foral de	106,56	0,0	2,1
País Vasco	104,62	-4,3	-0,5
Rioja, La	106,33	6,6	2,0

Fonte:INE